

CEP CAMPO LONGO



O MAGOSTO



A TER EN CONTA PARA O MAGOSTO

- A partir das 9,00 horas acendido do lume.
- Ás 11,30 horas soará o timbre para que os alumnos/as, acompañados polo seu profesor/a, baixen ó patio de 2º ciclo e se coloquen en orde para escoitar e participar nas actividades do magosto.
- Tamén teremos xogos populares dirixidos polo alumnado de 6º que se desenvolverán nos patios correspondentes a cada nivel e ximnasio.
- Para o reparto de castañas os titores concentrarán aos seus alumnos nunha zona do recinto e collerán unha caixa de castañas asadas para facer o reparto. Deben ter en conta que todo debe quedar limpo polo que colocarán bolsas de lixo ou recipientes e empregarán as papeleiras do patio para depositar o lixo. Despois do reparto de castañas e ata a hora de subir ás aulas, os titores/as encargaranse do coidado dos seus alumnos.
- Cada alumno/a terá o seu cucurucho preparado para recoller as castañas que reparte o titor/a.
- Está previsto que soe o timbre ás 13,50 para subir ás aulas, recoller e marchar ás 14 horas.
- Uns días antes repartirase unha circular ós alumnos na que se lles pide que traian unha ducia de castañas cortadas para que non estoupem, que irán depositando debaixo das escaleiras do corredor do colexio.
- Na semana do 5 ao 9 de novembro os titores dedicarán algún tempo na aula para traballos individuais ou colectivos referidos a castaña. O Equipo de Normalización Lingüística dispón de modelos de unidades didácticas para seren consultadas como material de apoio.

RESPONSABILIDADES

- ✓ Preparar brasa e asado de castañas: profesorado e pais/nais voluntarios.
- ✓ NN.TT-EDL (Música e fotografía).
- ✓ Colaboración de tódolos profesores para garantir o bo desenvolvemento da actividade.



ÁS 14 HORAS TEREMOS REUNIÓN DE PROFESORES

14 DE NOVIEMBRE DE 2014

HOXE CHEGA O MAGOSTO

Hoxe chega o Magosto á escola de Campolongo, nesta leda e máxica festa de outono, onde o brillo dos ollos dos rapaces tingue de emocións a mañá, deixando un ronsel de sorrisos neste lúdico día de novembro.

Renacen as chamuscas do Magosto e fanlle reverencia ao cinsento ceo pontevedrés, debuxando na extensión deste encontro de fantasía o asombro dos cativos, amencido coa mirada poboada de desexos de aventura para inaugurar este espazo a carón da lumieira de improvisadas sorpresas, nese estalo de entusiasmo ancorado no segredo da tenrura.

Celebramos o engado e o misterio deste ritual, colocando labaradas de agarimo na solapa dos labios, nun ambiente de alegría e divertimento, mentres arde a leña e asan as saborosas castañas.

Agroma a ilusión renovada nas sílabas das palabras, urdidoira de fermosas cantigas guindadas ao ar, coa diversión, as troulas, os enredos, as lérias e as bromas en abundancia.

Hoxe rexorde unha vez máis o bulicio e a paixón nesta festa fabulada, atesourados de encantamento e ardentía, para ser memoria e tacto ondulado aniñando na nosa ollada, e perdurar como melodía fermosa na chaira do aire aledando coas pálpebras do vento o acontecer destes marabillosos momentos.

Campolongo novembro 2014 EDL

PROGRAMA DE ACTUACIÓNS

Día 14-11-2014

Presentadores/as

Paula López Gayoso (6º C), e

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- 11,30 h.- Saída das aulas e concentración no patio do 2º ciclo.
- 11,35 h.-Presentación.
- 11,40 h.-Música popular a cargo de: Esteban Pinilla Álvarez (6º C) á gaita, que interpreta: "*Patelas*"
- 11,45 h.-Cantigas do MAGOSTO a cargo do alumnado de 6º.
- 11,50 h.-Enredos da escola
- 11,55 h.-Música popular a cargo de: Esteban Pinilla Álvarez (6º C) á gaita que interpreta: "*Obira*"
- 12,00 h.- Xogos populares dirixidos polo alumnado de sexto.
- 13,00 h.- Reparto de castañas e bebidas.
- 13,50 h.- Entrada ás aulas para recoller e saír.

